



A DESESPERACIÓN ELECTORALISTA DE FUMEGA DEIXA 486 € DUN AFORRO MUNICIPAL QUE CONTABA CON CASE 5 MILLÓNS DE EUROS

Incriblemente a política minúscula e caciquil practicada implicará que, despois diste despilfarro, non haxa un só proxecto importante á vista.

O alcalde obvia, de xeito irresponsable, as causas xudiciais nas que está inmerso o Concello por licencias mal outorgadas e que poden carrexar indemnizacións millonarias.

O Carballiño, 8 de xuño de 2022.

O tacticismo e electoralismo amosado polo goberno carballiñés nestes últimos anos xa non é discutido nin por eles mesmos. Basta ver as respostas nos plenos.

A máis que censurable utilización de recursos públicos para establecer unha rede clientelar trufada de intereses políticos e económicos entrelazados é máis ca evidente a estas alturas.

Sen embargo, hai datos que deberían dar vergoña ata ao máis firme defensor de Fumega e o seu equipo. Por exemplo, o despilfarro absoluto dun millonario aforro co que contaba o Concello do Carballiño en forma de remanente. Preto de 5 millóns de euros cando se levantaron as restriccións fiscais, en 2020, e se puido comezar a dispor deles.

Despois de levar a termo nos últimos meses unhas pouco concretas incorporacións deste crédito para proxectos sen concretar (algo de dúbida legalidade) e para facer fronte a multas coma a da Confederación Hidrográfica polos verquidos das depuradoras, podemos afirmar que este goberno vai camiño de laminar, moi axiña, ademáis dos recursos ordinarios de tódolos anos, eses 5 millóns.

Despois da modificación, de 1 millón de euros, que pretenden aprobar no pleno deste xoves facendo uso e abuso da súa maioría absoluta, do importe antes mencionado

- comunicacion@espazocomun.gal
- [@espazo_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)
- [@Espazo.comun.gal](https://www.facebook.com/Espazo.comun.gal)
- [espazo_comun](https://www.whatsapp.com/channel/002991234567890123)
- [+34 688 707 121](tel:+34688707121)



quedarán ¡¡486,77 €!!.

Despois de ver como Fumega masacra a ucha do Concello, aínda resulta máis desacougante ver que non hai en marcha un só proxecto importante. Nin unha soa infraestrutura para o futuro deste pobo sairá da lapidación de todos eses cartos.

E, o que é peor aínda, fano ignorando de xeito irresponsable que o ente municipal está inmerso nunha serie de causas xudiciais que poden traer consigo a obriga de pagar indemnizacións millonarias por licencias mal outorgadas.

Unha mostra máis da política de terra queimada que se está a aplicar, cun só obxectivo, manipular de xeito torticeiro a vontade popular de cara ás eleccións sen importar nada o que aconteza despois.

Na sesión plenaria pediremos ao goberno que non execute dita modificación e que reserve ese millón de euros para estes casos e que non se arrisque de xeito temerario e interesado a levar ao Carballiño á ruína.

- comunicacion@espazocomun.gal
- [@espazo_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)
- [@Espazo.comun.gal](https://www.facebook.com/Espazo.comun.gal)
- [espazo_comun](https://www.youtube.com/channel/UCv3v3v3v3v3v3v3v3v3v3v3)
- [+34 688 707 121](https://api.whatsapp.com/send?phone=34688707121)



- comunicacion@espazocomun.gal
- [@espazo_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)
-  [@Espazo.comun.gal](https://www.facebook.com/Espazo.comun.gal)
- [espazo_comun](https://www.youtube.com/channel/UC...)
-  [+34 688 707 121](https://wa.me/34688707121)



- comunicacion@espazocomun.gal
- [@espazo_comun](https://www.instagram.com/espazo_comun)
-  [@Espazo.comun.gal](https://www.facebook.com/Espazo.comun.gal)
- [espazo_comun](https://www.youtube.com/channel/UCv3v3v3v3v3v3v3v3v3v3v3)
-  [+34 688 707 121](https://wa.me/34688707121)